



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

Servizo de cultura, igualdade e dereitos civís

Referencia: PREM-LV/2026

Expediente convocatoria: 2026000002078

## **RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DO VIII PREMIO “LUÍSA VILLALTA” A PROXECTOS POLA IGUALDADE, ANO 2026.**

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que, por resolución da Presidencia número 14724, do 10 de abril de 2026, aprobáronse as Bases do VIII Premio “Luísa Villalta” a proxectos pola igualdade, ano 2026.

Visto tamén que as devanditas Bases foron publicadas no BOP número 69, do 15 de abril de 2026.

### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar a convocatoria do VIII Premio “Luísa Villalta” a proxectos pola igualdade, ano 2026, de conformidade coas bases reguladoras aprobadas pola resolución da Presidencia número 14724, do 10 de abril de 2026.

**Segundo.-** A convocatoria rexerese polas Bases do premio publicadas no BOP número 69, do 15 de abril de 2026, dispoñibles en:

[https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2026/04/15/2026\\_0000002306.pdf](https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2026/04/15/2026_0000002306.pdf)

**Terceiro.-** O prazo de solicitude iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da Coruña do extracto da presente convocatoria, que se incorpora como anexo a esta resolución, e rematará ás 14:00 horas do día 28 de maio de 2026, tendo en conta que tanto as solicitudes como o resto da tramitación do premio se realizarán por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible desde a sede electrónica da Deputación da Coruña:

<https://sede.dacoruna.gal/>

**Cuarto.-** Notificar esta resolución, así como o extracto da convocatoria que se xunta como anexo, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida

norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste. Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contenciosoadministrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza. Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

## ANEXO

### GALEGO

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria do *VIII Premio “Luísa Villalta” a proxectos pola igualdade, ano 2026*. O texto completo do Premio pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións:

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/inicio>

#### **Primeiro. Beneficiarias**

Poderán presentar os seus proxectos as persoas físicas inscritas no réxime especial de traballadoras/es autónomas/os, as entidades de economía social e/ou empresas que teñan residencia/sede no territorio galego.

#### **Segundo. Obxecto**

O presente premio ten como obxecto promover a igualdade de xénero, combater a violencia machista e defender a diversidade sexual mediante o impulso de proxectos de impacto social que poñan en valor e fagan visible o papel das mulleres nos distintos ámbitos da sociedade —histórico, económico, laboral, deportivo, cultural, social, científico, educativo, tecnolóxico, político, sanitario e de coidados, audiovisual, rural e comunitario— desde unha perspectiva interseccional.

Buscarase recoñecer e apoiar proxectos que contribúan á superación das desigualdades estruturais e favorezan a sensibilización, concienciación e fortalecemento do tecido social, así como a creación dunha contorna máis xusta, inclusiva e diversa.

#### **Terceiro. Bases reguladoras**

A convocatoria rexerese polas Bases, que foron publicadas no BOP número 69, de 15 de abril de 2026, dispoñibles en:

[https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2026/04/15/2026\\_0000002306.pdf](https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2026/04/15/2026_0000002306.pdf)

#### **Cuarto. Contía**

O importe da consignación ascende a un total de 100.000,00 €, con cargo á aplicación 0611/23122/481 do Orzamento ordinario para 2026.

Establécese oito premios por un importe máximo de 12.500 euros cada un.

#### **Quinto. Criterios de valoración**

Os criterios de valoración serán os establecidos na base 8ª das Bases do premio.

#### **Sexto. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto da convocatoria no BOP da Coruña, e rematará ás 14:00 horas do día 28 de maio de 2026.

## **Septimo. Outros datos de interese**

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña:

<https://sede.dacoruna.gal/>

## **CASTELLANO**

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.1a) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria del *VIII Premio “Luísa Villalta” a proyectos por la igualdad, año 2026*. El texto completo de las Bases del premio puede consultarse en la Base de datos Nacional de Subvenciones:

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/inicio>

### **Primero. Beneficiarias**

Podrán presentar sus proyectos las personas físicas inscritas/os en el régimen especial de trabajadoras/es autónomas/os, entidades de economía social y/o empresas que tengan residencia/sede en el territorio gallego.

### **Segundo. Objeto**

El presente premio tiene cómo objeto promover la igualdad de género, combatir la violencia machista y defender la diversidad sexual mediante el impulso de proyectos de impacto social que pongan en valor y hagan visible el papel de las mujeres en los distintos ámbitos de la sociedad —histórico, económico, laboral, deportivo, cultural, social, científico, educativo, tecnológico, político, sanitario y de cuidados, audiovisual, rural y comunitario— desde una perspectiva interseccional.

Se buscará reconocer y apoyar proyectos que contribuyan a la superación de las desigualdades estructurales y favorezcan la sensibilización, concienciación y fortalecimiento del tejido social, así como la creación de un entorno más justo, inclusivo y diverso.

### **Tercero. Bases reguladoras**

La convocatoria se registrá por las Bases, que fueron publicadas en el BOP número 69, de 15 de abril de 2026, disponibles en:

[https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2026/04/15/2026\\_0000002306.pdf](https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2026/04/15/2026_0000002306.pdf)

### **Cuarto. Cuantía**

El importe de la consignación asciende a un total de 100.000,00 €, con cargo a la aplicación 0611/23122/481 del Presupuesto común para 2026.

Se establece ocho premios por un importe máximo de 12.500 euros cada uno.

### **Quinto. Criterios de valoración**

Los criterios de valoración serán los establecidos en la base 8ª de las Bases del premio.

**Sexto. Plazo de presentación de solicitudes**

El plazo de presentación de solicitudes se iniciará a partir del día siguiente al de la publicación del presente extracto de la convocatoria en el BOP de A Coruña, y acabará a las 14:00 horas del día 28 de mayo de 2026.

**Séptimo. Otros datos de interés**

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña:

<https://sede.dacoruna.gal/>